

CONCURSO

Maketa.RME 2024

Maquetas automatizadas

Desenho: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

1.º premio: 300 € + diploma
2.º premio: 150 € + diploma

Inscripcións ata o
30 de marzo de 2024

Máis información:
minaseenerxia.uvigo.gal

CONCURSO

Maketa.RME 2024

Maquetas automatizadas



1.º premio: 300 € + diploma
2.º premio: 150 € + diploma

Inscripcións ata o
30 de abril de 2024
Máis información:
minaseenerxia.uvigo.gal

Universidade de Vigo

Maketa.RME 2024

Dende a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da UVigo, convidamos ao alumnado de terceiro e cuarto da ESO, de bacharelato e de ciclos formativos a asumir o reto Maketa.RME 2024.

Bases de participación

- 1.º Poñerán a proba o seu enxeño e creatividade, e reforzaranse os estándares de aprendizaxe dos currículos relacionados coa hidráulica, pneumática, circuítos e automática.
- 2.º Os/as concursantes deberán construír unha maqueta que se corresponda con maquinaria, cunha vivenda sostible ou cunha central de enerxía renovable como eólica, hidráulica, xeotérmica, etc. É requisito que a maqueta presente algún sistema de automatizado. Por exemplo, no caso das maquetas de maquinaria, o movemento do equipo deberá realizarse de forma remota, mediante cablaxe por fíos ou un sistema sen fíos (por radiofrecuencia, infravermellos, wifi...).
- 3.º Requírese orixinalidade no deseño da maqueta presentada ao concurso. Non se permite o emprego de maquetas comerciais. Non existen requisitos nas dimensións das creacións. Non existe limitación en canto a materiais (cartón, madeira, plástico, metal...) ou tecnoloxías empregadas para a súa construción (elaboración manual en taller, creación de pezas mediante impresoras 3D, procesos de mecanización...).
- 4.º Os equipos deberán estar liderados por un/unha docente titor/a do centro educativo ao que pertenza o alumnado. Os equipos estarán compostos por un mínimo de 3 e un máximo de 6 alumnos/as. Ningún integrante poderá estar en máis dun equipo agás o/a docente titor/a. Só se permite presentar unha maqueta por equipo.
- 5.º Realízase a inscrición antes do 30 de marzo do 2024, ás 20:00h. Enviarase ao enderezo electrónico eme@uvigo.gal o formulario de inscrición descargable na sección do concurso na web da EME (minaseenerxia.uvigo.gal) debidamente cuberto.

6.º Antes do día 30 de abril de 2024 o docente enviará o anteproxecto da maqueta ao enderezo electrónico eme@uvigo.gal, indicando claramente o nome das persoas integrantes do equipo.

7.º A inscrición ao concurso é gratuíta.

8.º Segundo as solicitudes de inscrición recibidas, o equipo directivo da EME resérvase o dereito a crear diferentes categorías para as persoas participantes.

9.º O concurso poderá anularse se non se presenta un número mínimo de creacións.

10.º A participación do concurso implica a plena aceptación destas bases.

Resolución do concurso

- 1.º O xurado estará composto por un/unha especialista no ámbito da enxeñaría da enerxía, un especialista no ámbito do movemento de terras, dous membros do persoal docente e investigador da UVigo, un profesor/a de bacharelato e dous alumnos/as da escola.
- 2.º A competición e entrega de premios terá lugar no mes de maio de 2024 nas instalacións da EME, en horario de mañá, co obxectivo de celebrar o día internacional do medio ambiente.
- 3.º As creacións que non cumpran o especificado nas bases serán rexeitadas polo xurado.
- 4.º O fallo do xurado será inapelable e publicarase adecuadamente na sección do concurso en minaseenerxia.uvigo.es
- 5.º O xurado resolverá calquera circunstancia que se produza durante o concurso e que non fose prevista nas bases.
- 6.º As maquetas presentadas a concurso pasarán a ser propiedade exclusiva da EME, non podendo ser utilizadas polo autor/a en outros concursos. A EME poderá facer o uso que considere oportuno das mesmas.

Premios

Os premios serán entregados aos centros participantes. Os premios serán os seguintes:

- **Primeiro premio:** 300 € + diploma
- **Segundo premio:** 150 € + diploma

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

Máis información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Campus universitario

36310 Vigo
Tel: 986 813 423
eme@uvigo.gal